



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE FERROL PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ferrol para a mellora das instalacións deportivas dos centros educativos de titularidade municipal, en concreto nos CEIPs que se detallan a continuación e para as actuacións que se indican:

1. CEIP de Pazos: Substitución do canelón no linde norte, Reparación portalón de acceso en linde norte, Pasivización estrutura de aceiro, Substitución de luminarias, Habilitación de espazo para almacén, Reposición de pavimento na pista exterior, Reparación peche de elementos prefabricados de formigón

2. CEIP Plurilingüe A Laxe: Reparación e pasivización de estrutura de aceiro, Reposición de ferros de aceiro de cuberta., Peche perimetral pavillón.

3. CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira: Reposición pavimento, Mellora acústica e térmica da cuberta, Substitución de canelóns e baixantes en mal estado, Substitución de luminarias.

4. CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte: Reposición de pavimento en pista deportiva situada ao noroeste, Reposición drenaxe lateral, Reposición de pavimento en pista deportiva, Montaxe de varanda en lateral de escaleira de acceso á deportiva situada ao noroeste, Reparación murete perimetral.

5. CEIP Cruceiro de Canido: Substitución de canalóns en mal estado, Pintado fachada, Repintado de liñas pista deportiva, Pasivización estrutura de aceiro, Substitución de luminarias.

6. CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robles: Substitución de carpinterías, Substitución de luminarias, Reparación panelado de madeira, Pintado paramentos verticais.

7. CEIP de Ponzos: Repintado de liñas pista deportiva, Substitución de luminarias.





8. CEIP de Esteiro: Reposición de ferros de aceiro de cuberta, Selado xunta de dilatación, Substitución de luminarias, Substitución de carpintería exterior, Reposición albardilla en fachada.

9. CEIP Isaac Peral: Reparación entradas de auga en encontros de ferros de policarbonato, Reposición de pavimento, Substitución de luminarias, Reposición drenaxe exterior, Reparación alicerces.

10. CEIP Leticia: Reparación entradas de auga en encontros de ferros de policarbonato, Reposición de pavimento, Substitución de luminarias, Reposición de paneis de policarbonato en fachada, Construción de drenaxe perimetral, substitución portalón acceso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:

Primeiro.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é, conforme ao Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

Segundo.- Que as partes son conscientes de que o deporte, a par de constituír en por si un instrumento para a práctica de actividade física e deportiva, representa, en xeral, unha ferramenta para a mellora da saúde e da calidade de vida, como mecanismo de socialización, cohesión e inclusión social, integración social e fonte de diversión, saúde e benestar; contribúe á formación e educación integral da persoa e xoga un importante papel no desenvolvemento da personalidade, fomentando valores como o esforzo persoal, traballo en equipo, cooperación, solidariedade, tolerancia, respecto ao adversario...

Terceiro.- Que as instalacións deportivas dos centros educativos no Concello de Ferrol atópanse nun mal estado xeral que precisa de reformas necesarias para o seu correcto uso e funcionamento.

Cuarto.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Quinto.- Que as partes consideran de interese público a participación e apoio nas accións obxecto deste convenio, co obxectivo de impulsar as actuacións de mellora das instalacións coa





finalidade de acadar o nivel requirido para satisfacer as necesidades do alumnado dos centros educativos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O secretario xeral técnico,

Manuel Vila López

